SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE






## Entrevistamos a...



**Carlos Martínez Orgado**

PRESIDENTE DE HONOR DE LA FUNDACIÓN PARA LA ECONOMÍA CIRCULAR

*"La creación de empleo es uno de los puntos fuertes de la economía circular"*

Ler máis...



**Flor Domínguez**

COORDINADORA DO PROXECTO GAÑADOR DO RECÍCLATE CON SOGAMA 2014-2015

*"A implicación das familias nos ecoproxectos foi fundamental"*

Ler máis...

## Mundo SOGAMA



### Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

**Saca a concurso público a construción dunha nova planta, a renovación da actual e o mantemento e limpeza de ambas as dúas por un período de 15 anos**

A Sociedade Galega de Medioambiente (Sogama) sacou a licitación pública por 400 millóns de euros (IVE incluído) a ampliación do seu complexo industrial en Cerceda (A Coruña), unha actuación que incrementará a súa capacidade de tratamento nun 36,3 por cento.

Ler máis...

## Multimedia



**Fai unha compra responsable!**

Ver o 17 videoconto dos Trebón...

**Dúbidas para separar o lixo? Descarga a App de Sogama!**

Ler máis...

**Comeza o curso con folgos co Caderno Verde**

Ler máis...

## Eventos

- Foro sobre economía circular
- Festival Mar de Mares 2015
- Xornada sobre o papel das TIC na xestión dos residuos
- Festival de teatro FIOT en Carballo




- Efemérides que celebrar

Máis eventos...

## Actualidade



### Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O IES A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda coñecer o complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Ler máis...

## Receitario



*Que comes hoxe?*

- Hamburguesas de lentellas e verduras con salsa de iogur

Ver receita...

Síguenos en...

www.sogama.es

XUNTA DE GALICIA


© SOGAMA | Aviso legal



Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Carlos Martínez Orgado**

Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular (FEC)

## *"La economía circular podría crear más de 120.000 puestos de trabajo en España"*

**Ingeniero industrial de formación, Carlos Martínez es toda una autoridad en el ámbito medioambiental, tanto a nivel nacional como internacional. Además de presidente de la FEC, es miembro, entre otras organizaciones y foros, del Consejo de Administración de la Asociación de Ciudades y Regiones para el Reciclaje y la Gestión Sostenible de los Recursos (ACR+). Como consultor elaboró para la Administración el Plan Nacional de Residuos Urbanos de 1988 y ha colaborado en la trasposición de directivas comunitarias. También ha sido directivo en otras empresas públicas e instituciones.**

**¿A qué nos referimos exactamente cuando hablamos de economía circular?**
La economía circular es un concepto económico que se relaciona intrínsecamente con el de sostenibilidad. Pretende lograr la producción de bienes y servicios utilizando para ello el menor número de recursos, bien sean materias primas, agua o energía. En definitiva, se trata de producir más con menos. Desde otro punto de vista, la economía circular pretende cerrar los ciclos de los productos, de los residuos, de los materiales, de la energía, etc.

**¿Cuál puede ser la última prueba del éxito del tránsito de la economía lineal a la circular?**
Es muy difícil identificar un único parámetro para evaluar el éxito del tránsito de una economía lineal, como la actual, a otra circular. Pero de alguna manera se podría considerar que el vertido cero de residuos reciclables y valorizables podría constituir la prueba del nueve de este éxito.

*"La economía circular se basa en producir más bienes y servicios con menos recursos, bien sean materias primas, agua o energía"*

**¿Hemos comenzado ya la transición de la economía lineal a la economía circular? ¿Cómo se visualiza el camino?**
Yo soy genéticamente optimista y, por tanto, podría decir que se ha comenzado el tránsito hacia la economía circular, aunque de manera muy prudente y a velocidad lenta. Con todo, hay dos grandes líneas para visualizar este tránsito. Por una parte, desde el lado del producto, es necesario repensar los bienes y servicios para que, mediante el ecodiseño podamos alargar su vida útil, evitando la obsolescencia programada y permitiendo su desmontaje, reparación, actualización y reprocesamiento para darles una nueva vida. Desde el punto de vista del residuo hay que conseguir reducir su cantidad y lograr reciclar no menos del 70%, aprovechar la energía del resto y no llevar a vertedero nada más que los rechazos de las operaciones anteriores.

SEGUIR LENDO....

**Entrevistamos a...**
Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

**Mundo SOGAMA**
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

**Actualidade**
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es



Martínez Orgado asegura que la creación de empleo es uno de los puntos fuertes de la economía circular

> *"Ya hemos iniciado el tránsito a la economía circular aunque de forma muy prudente y a velocidad lenta"*

**¿Qué es el criterio Multi-R?**
El criterio Multi-R es un concepto que permite sintetizar todo lo anterior. No se contrapone al clásico de las 3 Rs (reduce, reutiliza y separa para reciclar), sino que lo integra. En definitiva, se trata de "repensar, rediseñar, refabricar, reparar, redistribuir, reducir, reutilizar y recuperar la energía".

**¿Qué papel puede desempeñar la economía circular en la creación de empleo?**
La creación de empleo es uno de los puntos fuertes de la economía circular puesto que se trata de un empleo local y no deslocalizable. Bruselas evalúa una generación de empleo en el ámbito de la Unión Europea de entre seiscientos mil y un millón de puestos de trabajo por esta causa, de los cuales más de 120.000 serían en nuestro país.

**Háblenos de la Fundación para la Economía Circular. ¿Cuál es su razón de ser, cuándo se crea, quiénes la conforman y qué objetivos persigue?**
La Fundación para la Economía Circular se crea hace un par de años como una organización independiente que pretende el estudio y la difusión de actividades relativas a la Economía Circular, a la promoción de este concepto dentro de la sociedad y a la sensibilización y formación mediante la realización de actos públicos y cursos relacionados con este ámbito. Su Patronato representa esta independencia mediante la participación en el mismo de un grupo de antiguos altos cargos de todos los orígenes y colores que han trabajado intensamente en su vida en favor de un mundo más sostenible y en paz.




Carlos Martínez Orgado durante la inauguración de la jornada "El futuro de la gestión sostenible de residuos en un marco de economía circular", celebrada en Madrid el pasado 23 de septiembre

SUBIR

Entrevistamos a...
Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aproveítate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Flor Domínguez Martínez**

Profesora no IES A Cachada de Boiro (A Coruña) e coordinadora do proxecto ambiental gañador do "Recíclate con Sogama" 2014-2015

## *"Puxemos en marcha, e con grande éxito, 17 ecoproxectos de reciclaxe moi ambiciosos"*

**Entrevistamos a Flor Domínguez Martínez, profesora no IES A Cachada de Boiro (A Coruña) e coordinadora do proxecto ambiental "Reduciclando" que resultou gañador da edición do programa educativo "Recíclate con Sogama" 2014-2015, enmarcado á súa vez no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co que se persigue a educación en valores. O galardón, dinos, "supón un aval da calidade do ensino público" e de toda a comunidade que o rodea.**

**O IES A Cachada de Boiro logrou o primeiro premio no concurso enmarcado no programa educativo "Recíclate con Sogama 2014-2015". Como acolleron esta nova?**
É unha extraordinaria nova para o noso instituto! Supón un aval para a calidade do ensino público, poñendo en valor o talento e esforzo dos nosos mozos, así como un recoñecemento a toda a comunidade educativa por esta distinción. Este premio dános máis forza para seguir traballando na materia da reciclaxe.

*"O alumnado difundiu a campaña dentro e fóra das aulas facendo partícipes ás súas familias e sen as que algúns destes traballos non se levarían a cabo"*

**Das 17 actividades que levaron a cabo no centro para traballar no proxecto "Reduciclando", cales destacaría?**
Foron todos proxectos moi ambiciosos, pero se hai que destacar algún, apostaría por "A árbore da vida", que é unha recreación da obra de Gustav Klimt; o xadrez ecolóxico, os xogos tradicionais, o proxecto de campo de recollida de residuos plásticos na praia de Barraña para logo facer un estudo e o noso punto limpo, que creamos para o centro.

**Que valoración fai da participación do alumnado e do resto de profesores.**
A valoración é moi positiva. Desde o comezo mostraron a súa predisposición a colaborar e participar activamente na protección do medio ambiente que nos rodea, tanto desde as aulas como desde o claustro de profesores, e todos tomaron conciencia na materia.

**Que valoración fai da participación do alumnado e resto de profesores.**
O alumnado non só difundiu a campaña dentro do centro senón tamén fóra das aulas, facendo partícipes ás súas familias na recollida de materiais reciclados para os nosos ecoproxectos. Sen a colaboración das familias, algúns destes proxectos non

SEGUIR LENDO....


**Entrevistamos a...**
Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Mundo SOGAMA**
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

**Actualidade**
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

se poderían levar a cabo, entre eles o xadrez e os xogos tradicionais. De aí a nosa gratitude a todos eles.
Tamén o Concello participou activamente e cooperou con nós; tanto desde o Departamento de Medio Ambiente como a través de Protección Civil na subministración de materiais para a recollida de residuos plásticos (luvas, chuvasqueiros, bolsas ou botas), na recollida do refugallo do noso punto limpo, na dotación dos neumáticos para os nosos pufs,...



A obra "O Crebourizo" foi doada ao Encontro de Embarcacións Tradicionais de Cabo de Cruz, celebrado en xullo pasado

**Que foi o que máis lles custou para cumprir cos obxectivos desta iniciativa, que en todo caso persegue a mellora da recollida selectiva nos centros escolares a fin de promover a reciclaxe?**
O que máis custou, e ao que tivemos que dedicar máis tempo, foi á organización e á coordinación inicial xa que eran moitos ecoproxectos os que se tiñan en mente. Pero, unha vez presentado cada un e contando coa colaboración do alumnado, familias, claustro de profesores e Departamento de Medio Ambiente do Concello, foi moi doado. Con dedicación e entusiasmo, os ecoproxectos rematáronse con grande éxito!

**Que liñas de actuación medioambiental teñen previstas para o presente curso académico 2015-2016.**
Co espíritu dos 3R sempre presente, seguiremos a traballar no aproveitamento de recursos. Continuaremos coa recollida selectiva na illa de reciclaxe e, desde o Departamento de Tecnoloxía, deseñarase e construirase un proxecto de cara ao Nadal que se chamará "O refuxio da fraga". Consistirá en facer estruturas de árbores con material reciclado e coa temática, tan actual, dos refuxiados. Neste proxecto faremos partícipes a varios departamentos do noso centro.



Todos os traballos, incluído este xadrez xigante, foron feitos con material de refugallo

SUBIR


## Entrevistamos a...
Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

## Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Mundo SOGAMA

# Sogama saca a concurso a ampliación do seu complexo de Cerceda por 400 millóns

**A licitación contempla a construción dunha nova planta para a recuperación dos envases, así como a remodelación da nave actual de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible (PRTE).**



Traballos de tratamento do lixo no complexo de Sogama en Cerceda (A Coruña)

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) sacou a concurso, por un importe de 400 millones euros (IVE incluído), a ampliación do seu complexo industrial, sito en Cerceda (A Coruña), que é onde se procesa a maior parte do lixo doméstico xerado en Galicia.

A licitación, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 13 de agosto, contempla a construción dunha nova planta para a recuperación dos envases (de papel/cartón e plástico) contidos no lixo en masa. A previsión é que entre en funcionamento no ano 2017. Ademais, vaise remodelar a actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible.

O contrato, establecido para un período de 15 anos, inclúe igualmente a operación, mantemento e limpeza de ambas as dúas instalacións.

Esta actuación permitirá incrementar a capacidade de tratamento do complexo ambiental, pasando das 550.000 toneladas/ano actuais ás 750.000 (un 36,36 por cento máis), o que fará posible diminuír o vertido nun 30 por cento.

*Esta actuación aumentará a capacidade de tratamento do complexo nun 36 por cento*

### Directrices comunitarias

Esta iniciativa enmárcase no plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020, que á súa vez segue as directrices comunitarias na materia.

Esta folla de ruta básica defende e marca a necesidade de levar a cabo unha xestión xerarquizada dos residuos que comece coa prevención e a redución, seguindo coa reutilización, a reciclaxe e a valorización (material e enerxética), e concluíndo co vertedoiro, que debe relegarse a último lugar por ser considerado a opción menos desexable desde a dimensión ambiental.

SUBIR

## Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aproveítate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Sogama licita o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da súa planta termoeléctrica por 300.000 euros

**O principal obxectivo do contrato, establecido para un período de tres anos e prorrogable ata un máximo de catro, é a recepción e arquivo en tempo real dos datos obtidos.**



**Planta termoeléctrica no complexo de Sogama en Cerceda (A Coruña)**

Sogama licitou, por un importe de 300.000 euros e un período de tres anos, prorrogable a un máximo de catro, o mantemento integral e continuo da rede de vixilancia da calidade do aire da súa planta termoeléctrica. O prazo para a presentación de ofertas concluíu o pasado 1 de outubro.

O fin último dos traballos contemplados neste concurso é a recepción e arquivo en tempo real dos datos recompilados a través da rede de vixilancia. Para isto é necesario efectuar o seu mantemento preventivo e correctivo de cara a garantir o perfecto funcionamento de todo o servizo de comunicacións.

Respecto dos labores de prevención, estes deben levarse a cabo de forma programada, sistemática e con determinada periodicidade, evitando con isto o mal funcionamento dos equipos e reducindo ao máximo a aparición de incidencias.

En canto ao servizo de comunicacións, inclúe todas as tarefas a realizar para reparar calquera avaría dos equipos e software, sendo necesario que esta sexa solucionada nun prazo máximo de 24 horas.

De non poder subsanarse de forma inmediata, o adxudicatario queda obrigado a presentar un informe co plan de reparación nun máximo de 48 horas, procedendo á substitución do equipo por outro de reposto.

### Que é a rede de vixilancia

A rede de vixilancia componse de catro estacións de inmisión, unha estación meteorolóxica e un centro de control que conta con dous equipos de emisión de datos, situándose un deles no laboratorio químico da planta termoeléctrica e outro no vestíbulo das oficinas da compañía. Desta forma permítese que sexan consultados en tempo real por calquera cidadán.

SUBIR


**Entrevistamos a...**

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

**Mundo SOGAMA**

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

**Actualidade**

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

| Emisións Medias 1S 2015 PTE | Valor | Límite |
|---|---|---|
| Partículas (mg/Nm3) | 2,9 | 10 |
| NOx (mg/Nm3) | 76,3 | 200 |
| SO2 (mg/Nm3) | 1,9 | 50 |
| CO (mg/Nm3) | 4,0 | 50 |
| COT (mg C/Nm3) | 0,8 | 10 |
| Dioxinas e Furanos (ng ITEQ/Nm3) | 0,007 | 0,100 |
| HCl (mg/Nm3) | 2,5 | 10 |
| HF (mg/Nm3) | 0,07 | 1 |
| Cd + Tl (mg/Nm3) | 0,003 | 0,050 |
| Hg (mg/Nm3) | 0,002 | 0,050 |

# Todos os valores de emisión de Sogama manténense moi por baixo dos límites legais

**No primeiro semestre do ano a planta de tratamento de residuos cumpriu de forma rigorosa a lexislación vixente na materia grazas a súa plena adaptación ás normativas europea, estatal e autonómica..**

Durante o primeiro semestre do ano todos os valores de emisión de Sogama continuaron, como non podía ser doutro xeito, moi por debaixo dos límites legais. Así o confirmaron os datos obtidos pola empresa pública, podendo corroborar, unha vez máis, que a entidade cumpre sobradamente coa lexislación vixente na materia, levando a cabo un proceso industrial absolutamente respectuoso co medio ambiente e coa saúde as persoas.

Estes satisfactorios resultados, que todos os interesados poden consultar na páxina web de Sogama, lográronse grazas á plena adaptación ás normativas europea, estatal e autonómica na materia. Dende Sogama priorízase o principio comunitario dos tres erres. Isto significa que promove de forma preferente a prevención e a redución de residuos, impulsando a continuación a reutilización e a reciclaxe. Esta regra compleméntase en todo caso coa valorización enerxética da parte non reciclable, permitindo converter en enerxía eléctrica aquela parte do lixo para o que non cabe ningún outro tratamento previo.

Precisamente, os países europeos máis avanzados e comprometidos coa protección da contorna son os que rexistran maiores niveis de recuperación enerxética, que habitualmente adoitan ir parellos a maiores porcentaxes de reciclado e baixo uso do vertedoiro, sendo este inferior ao 4 por cento.

Ademais, cabe salientar que, no ámbito industrial, este tipo de plantas son as máis vixiadas nos seus aspectos medioambientais, sendo sometidas a un permanente e estrito control. Tal é a pulcritude do proceso, que ata conta co aval de grupos ecoloxistas tales como Os Verdes de Alemaña.

Consulta os datos de emisións de Sogama

SUBIR

## Entrevistamos a...
**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es



Veciños do municinipio de Miño durante a visita ás instalacións de Sogama en Cerceda

# A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

## A última edición chegou a máis de 53.000 habitantes, o que supón un 20 por centro superior á anterior

A terceira edición da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor", na que participa Sogama conxuntamente coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (antiga Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas), rematou o pasado 31 de xullo cun saldo de 53.232 persoas atendidas, un 20,3% máis que na anterior campaña.

Os bos resultados desta edición súmanse ao éxito das dúas previas, polo que ascenden a 114.000 os habitantes galegos aos que chegou esta iniciativa dende finais do ano 2012 a través de numerosos eventos. Mentres que a primeira (de setembro de 2012 a marzo de 2013), dirixiuse de forma directa a 16.483 habitantes, a segunda (de xullo de 2013 a xuño de 2014) chegou a 44.244, e a terceira (de agosto de 2014 a xullo de 2015) a 53.232.

A través de distintos soportes, douse cobertura a unha campaña na que se intentou poñer de relevo o importante papel que desempeña o cidadán. A campaña, que estivo apoiada en todo momento por Ecoembes , Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP), chegou coa súa mensaxe a un total de 462 eventos durante esta terceira edición. Para isto veu utilizando distintas ferramentas. É o caso da súa aula móbil, que a pé de rúa informou e asesorou aos cidadáns. A iniciativa tamén se volcou cos escolares, formando a uns 28.700 alumnos de 286 centros educativos.

### Ampla difusión

A campaña estivo presente igualmente en asociacións, centros comerciais, eventos deportivos, campamentos escolares e complementouse con visitas ao complexo medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña). En total, estas actuacións paralelas chegaron a 10.163 persoas.

SUBIR

Entrevistamos a...
Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Sogama reparte máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

**Dende que se puxo en marcha en 2010, xa hai máis de 100 concellos adheridos ao seu programa de compostaxe doméstica, sendo os últimos en incorporarse Meaño e Agolada.**

Dende o comezo do seu programa de compostaxe doméstica no ano 2010, Sogama xa repartiu máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades. Destas, 104 son concellos das catro provincias, 42 son centros escolares e 9 colectivos sociais tales como asociacións de veciños, culturais, de persoas con discapacidade, contra a drogadicción e centros penitenciarios.

O principal obxectivo da iniciativa é axudar aos entes locais a que acaden os beneficios ambientais, económicos e sociais que trae consigo a compostaxe doméstica, a través da cal se propicia a transformación da materia orgánica nun abono natural de alta calidade.

Para o caso dos concellos, rexe o mesmo protocolo de actuación: divulgación do proxecto, selección das vivendas participantes a cargo dos entes locais, formación dos usuarios, dotación de ferramentas didácticas, seguimento, por parte dos técnicos municipais, do traballo realizado nos fogares, e, nalgúns supostos, análise científica do compost obtido.



## Adhesión de Agolada e Meaño

Os bos resultados do proxecto levarán a Sogama a amplialo nos próximos meses. Recentemente adheríronseos municipiosde Agolada e Meaño, que se incorporaron nos meses de xullo e agosto, respectivamente.

Do mesmo xeito que o resto de localidades, estes concellos seleccionarán, nun primeiro momento, as vivendas participantes e, posteriormente, as súas familias recibirán un curso de formación, financiado pola empresa pública. Os técnicos especialistas explicarán o alcance da autocompostaxe e o modus operandi a seguir. A continuación, procederase á entrega dos composteiros, que teñen unha capacidade de 340 litros e nos que deberá almacenarse o compost durante seis meses antes de aplicalo ao chan.

SUBIR

Entrevistamos a...
**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es



Entrega do primeiro premio ao IES A Cachada de Boiro

# O instituto A Cachada de Boiro gaña o primeiro premio do concurso "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## O segundo e terceiro premios foron para o IES Pedra de Aguia de Camariñas e As Bizocas de O Grove

A Sociedade Galega do Medio Ambiente entregou os premios do concurso enmarcado no programa educativo "Recíclate con Sogama 2014-2015", correspondendo o primeiro ao IES A Cachada de Boiro (A Coruña), seguido polo IES Pedra da Aguia de Camariñas (A Coruña) e o IES As Bizocas de O Grove (Pontevedra).

Entre as actividades dos 13 centros de ESO avaliados destacou o proxecto "Reduciclando" do IES A Cachada de Boiro, que foi gratificado cun vale canxeable por material escolar por importe de 500 euros.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, desprazouse ata Boiro para entregar o primeiro premio ao director do centro, Mariano Muñiz, e á coordinadora do proxecto, Flor Domínguez. Ao acto tamén se sumou a concelleira de Educación, María José Lorenzo, e o xefe de Protección Civil e coordinador de Obras e Servizos de Boiro, Ignacio Javier Pérez.

Ademais dos gañadores, o xurado tamén quixo recoñecer o labor medioambiental doutros centros participantes a través da concesión de accésits.

### Sensibilizar aos centros

Enmarcado no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, o programa "Recíclate con Sogama" ten por obxecto mellorar a xestión dos residuos urbanos a través da posta en práctica do principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), facendo especial fincapé no sistema de recollida selectiva.

Coincidindo co inicio do curso académico 2015-2016, o programa "Recíclate con Sogama" afronta a súa cuarta edición, que pretende fomentar a selección de residuos nos propios centros como hábito cotiá co que contribuír á protección e mellora do medio ambiente, facéndoo extensivo ao ámbito familiar e social do alumnado.

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Preto do 97% dos visitantes recomenda coñecer as instalacións de Sogama

**Así o recolle o informe do programa de visitas correspondente ao primeiro semestre de 2015, período no que se incrementaron un 50 por cento respecto ao ano anterior.**

Preto do 97% dos visitantes adultos de Sogama recomenda coñecer as súas instalacións, segundo recolle o informe do programa de visitas correspondente ao primeiro semestre de 2015. En total, foron 2.842 persoas (entre adultos e escolares) os que pasaron polo complexo, un 50 por cento máis que no mesmo período do ano anterior.

Entre os adultos, o 95,1 por cento considera que o programa de visitas constitúe "a mellor forma de adentrarse na actividade de Sogama ao permitir ver e coñecer en persoa o seu proceso industrial", sendo o percorrido guiado o que máis lles chamou a atención. De feito, o 85,3 por cento manifestou que a súa visión dos residuos cambiou substancialmente con esta experiencia.

Concluída a visita, o 98 por cento dos visitantes calificaron como moi boa a actividade da empresa, convencidos de que esta contribúe en gran medida á protección do medio ambiente en todo o territorio de Galicia.

En canto á valoración dos escolares, o 64,6 por cento coñecía a existencia de Sogama antes da visita, dos cales o 56,2 por cento manifestaba previamente que a empresa desempeñaba un labor positivo para Galicia. Sen embargo, esta porcentaxe elevouse ao 87 por cento unha vez concluído o percorrido guiado.

### Aberto o programa para 2015-2016

Co ánimo de manter o éxito destas visitas guiadas –polas que xa pasaron máis de 65.000 persoas-, Sogama xa abriu o programa para o curso académico 2015-2016. Todos aqueles colectivos que desexen obter información previa, deben contactar co Departamento de Comunicación da entidade a través dos teléfonos **981698512/11/00** ou nos seguintes correos electrónicos teric@sogama.es e cmc@sogama.es.

Tamén poden consultar a web corporativa www.sogama.es dentro da sección "Educación Ambiental", onde se concreta a forma de xestionar estas visitas e cal é o protocolo a seguir.







Escolares do CEIP Amaro Refojo de Verín (esqda.) e material didáctico e merchandising de Sogama que se entrega nas visitas

Queres coñecer as instalacións de Sogama? Solicita aquí a túa visita

SUBIR

Entrevistamos a...
Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# A gañadora do concurso de receitas "Aprovéitate do que che sobra" goza dunha fin de semana na Mariña lucense

**A verinesa Mónica Sandoval foi proclamada a vencedora da oitava edición da campaña educativa "Ti es a peza que falta"**



Pudding de Reis

A veciña do concello ourensán de Verín, Mónica Sandoval dos Ramos, foi a gañadora do concurso enmarcado na oitava edición da campaña educativa "Ti es a peza que falta", que nesta ocasión foi bautizada co lema "Aprovéitate do que che sobra", poñendo de manifesto a necesidade de diminuír os desperdicios de alimentos que acaban arroxados ao cubo do lixo.

Como premio recibiu unha estancia coa súa familia de dous días na Mariña lucense. Alí puido practicar actividades deportivas tales como kite surf e paddle surf, degustar a gastronomía propia desta zona e coñecer enclaves naturais tales como a fervenza de Santo Estevo de Ermo, as vellas cetarias de Rinlo, a zona de O Cargadoiro e o casco vello de Ribadeo.

Mediante esta iniciativa invitábase a que os internautas aportasen as súas mellores receitas realizadas con sobras de comidas. En concreto, Mónica aproveitou os restos do roscón de Reis para elaborar un delicioso pudding que resultou gañador tras ser avaliado, xunto co resto de candidaturas, por un xurado conformado por membros de Sogama e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (antiga Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).

A designación da receita gañadora non foi fácil, xa que todas as propostas presentaban un alto grao de orixinalidade e innovación, tal e como se esixía nas bases do certame.

**Web oficial**

O lanzamento desta campaña fíxose coincidir coa Semana Europea da Prevención de Residuos 2014, celebrada en novembro do pasado ano.

No sitio web www.aproveitatedoquechesobra.es trasládanse unha serie de recomendacións das que, xa con anterioridade, se fixo eco o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) mediante a estratexia "Máis alimento, menos desperdicio".

SUBIR

## Entrevistamos a...
**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Sogama amplía a oferta do seu curso sobre xestión de residuos ante a alta demanda dos concellos adheridos

**Dirixido a alcaldes, concelleiros e persoal das localidades adscritas, conta con 50 horas lectivas e prolongarase ata o 18 de decembro**

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) tivo que ampliar a cobertura de plazas do seu curso avanzado on line sobre a xestión de residuos por riba do medio centenar de prazas, debido á elevada demanda de solicitudes procedente dos concellos adheridos ao seu modelo.

Baixo o título "A xestión dos residuos urbanos na economía circular", este curso ofértase de forma gratuita a todos os concellos adscritos a Sogama, de xeito que alcaldes, concelleiros, técnicos, administrativos, operarios e o resto de profesionais poidan complementar os seus coñecementos na xestión sostible do lixo.

Con 50 horas lectivas, o curso, que arrancou o pasado 1 de outubro e finalizará en torno ao 18 de decembro, pretende que os representantes municipais tomen conciencia sobre o problema que, a día de hoxe, representa a elevada produción de refugallos.

Procura, por tanto, que interioricen a necesidade de levar á práctica o principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) e que dispoñan da información necesaria sobre a actividade de Sogama en Galicia, tanto en relación á súa infraestrutura como aos seus programas de comunicación e educación ambiental.



**Estrutura e recursos do curso**

O curso componse de dez temas e cada un deles vai asociado a un test de coñecementos que, en todo caso, deberá ser superado polos usuarios para poder acceder ao seguinte. Os que completen a actividades formativa recibirán, da man de Sogama, o correspondente diploma acreditativo.

Os alumnos teñen á súa disposición, mentres dure a formación, dous titores online cos que poden interactuar de forma permanente a fin de realizar consultas, despexar dúbidas ou complementar información.

SUBIR

## Entrevistamos a...
**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## Planeta Verde: Os Trebón ensínannos como facer unha compra responsable!




Cando imos de compras tamén podemos ter un comportamento responsable co planeta verde! A nosa familia extraterrestre favorita, Os Trebón, ensínanos como neste vídeo. Primeiro, hai que facer unha lista da compra do que precisamos e levar a nosa propia bolsa da casa. Logo, no supermercado temos que optar por alimentos de tempada de produtores locais e por aqueles que non estean embalados e veñan en envases reciclables,... Estes son só algúns consellos para unha compra responsable! Pero mirade o resto!

Ver vídeo...

## Aínda non sabes como separar o lixo? Descarga a App de Sogama no teu móbil!

A app de Sogama xa ten máis dun ano e, dende que se puxo en circulación, en xullo de 2014, xa son moitos os que a utilizan cada día co obxectivo de mellorar a separación de residuos en orixe e contribuír á reciclaxe.

Con esta ferramenta, accesible a través de teléfonos móbiles cos sistemas operativos Android e IOS (iPhone), os cidadáns poden facer as súas consultas e resolver as súas dúbidas en tempo real, facilitando con isto que leven a cabo, en calquera lugar ou situación, e dende a responsabilidade individual e colectiva, unha correcta xestión dos refugallos urbanos que xeran.

Pero a aplicación non se limita unicamente a proporcionar información concreta sobre os recipientes de destino para cada desperdicio, senón que se detén en explicar o tratamento ao que é sometido cada tipoloxía. Ademais, non se reduce aos colectores habilitados nas vías públicas, senón que tamén fai referencia ao funcionamento dos "puntos limpos" e da compostaxe doméstica.




ANDROID APP ON Google play
Available on the App Store

SUBIR

### Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

### Mundo SOGAMA

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

### Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

### Eventos

### Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

Multimedia

# Comeza o curso con folgos co Caderno Verde

**A nova aplicación para móbiles permite achegarse cun só clic ao traballo da empresa pública**




Para comezar con enerxías o novo curso académico 2015-2016, o portal educativo www.cadernoverde.com pode ser o teu maior aliado, xa que a través del os máis cativos descubrirán unha sinxela e divertida forma para reforzar os coñecementos que adquirirán durante todo o ano.

Esta plataforma educativa de Sogama está centrada na formación medioambiental para os alumnos de primeiro, segundo e terceiro ciclo de ensino primario, é dicir, ata os 12 anos de idade. Á súa disposición teñen ferramentas divulgativas coas que nutrir os seus coñecementos en materia de ecoloxía e, mais concretamente, na xestión dos residuos urbanos.

Seguindo a liña de edicións anteriores, incorporaranse periodicamente a Caderno Verde fichas didácticas coas que os pequenos poderán aprender contidos de distintas disciplinas obxecto de estudo tales como matemáticas, lingua galega, lingua castelá, coñecemento do medio, inglés e educación artística, utilizando o medio ambiente de forma transversal.

### Videocontos

Para potenciar esta aprendizaxe, Caderno Verde tamén seguirá nutríndose cos videocontos de aventuras da Familia Trebón (Anselmo, Carola, Lucas e o can Antenas) que, xunto cos seus amigos Lilia, Vito e o gato Evaristo, ensínannos en cada capítulo os xestos e comportamentos que deben ser adoptados para lograr un planeta máis verde.

Accede aos cadernos de Caderno Verde aquí

# Case 6.000 seguidores en Facebook e Twitter

Baixo o lema "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama", a empresa pública está presente nas redes sociais Facebook e Twitter coa finalidade de estreitar lazos coa poboación, dando a coñecer, dunha forma máis próxima, detallada e transparente, a súa actividade, tanto no eido industrial como no educativo e social.

A día de hoxe, Sogama conta con presto de 6.000 seguidores nestas canles, nas que informa puntualmente sobre as distintas actuacións que vén levando a cabo, sobre todo tipo de temáticas medioambientais. Ademais disto, o obxectivo é obter feedback por parte da poboación e recompilar todos os seus comentarios, opinións e recomendacións, indispensables para mellorar o seu labor.

Coa difusión destes contidos, a pretensión última non é outra que contribuír a dar ese gran paso que supón avanzar desde unha economía lineal, marcada polas malas prácticas de usar e tirar, a unha economía circular na que todo se aproveita e reutiliza para minimizar o consumo de recursos, tendo esta o seu máximo expoñente no vertido cero.

Síguenos en Facebook
Síguenos en Twitter

SUBIR


## Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Eventos

## Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Outono decisivo para a economía circular

A Fundación para a Economía Circular celebrou o pasado setembro en Madrid o encontro "O futuro da xestión sostible de residuos nun marco de economía circular" ante case 200 participantes, entre os que se atopaban unha trintena de altos cargos, tanto públicos como privados, vinculados ao ámbito medioambiental, para indagar no camiño que seguirá a xestión do lixo en España durante os próximos anos. Ao acto tamén acudiron representantes de Sogama.

As conclusións deste foro enmárcanse nun futuro próximo, xa que se prevé que a economía circular aposte por desenvolver medidas divididas en dúas grandes áreas para acadar o obxectivo final de chegar ao vertido cero.

Por unha banda, a relacionada cos produtos, isto é o ecodeseño e a fabricación de bens e servizos que se deben pensar de maneira que se permita a súa reparación, actualización e reprocesamento.

Por outra, a área máis clásica, que inclúe a prevención na xeración de residuos, na reutilización e na reciclaxe ata os límites do 70 por cento, recuperando a enerxía do resto.


Público durante a xornada inaugural

## Festival Mar de Mares 2015

Sogama colabora no evento internacional Festival Mar de Mares, que se está celebrando na cidade da Coruña co obxecto de enxalzar a importancia dos océanos e os seus ecosistemas como fonte de riqueza natural imprescindible.

Desde o pasado 24 de setembro e ata o 29 de novembro, investigadores, artistas e expertos na materia darán a coñecer os avances en ámbitos tan diversos como a pesca sostible, a fotografía submariña, a gastronomía e a reciclaxe. Todo isto a través de exposicións, talleres, debates, charlas, storytelling e ata accións directas sobre o coidado da paisaxe, como é o caso da recollida de lixo en praias. Entre os encontros cabe destacar o protagonizado por David Doubilet, considerado o mellor fotógrafo submariño do mundo que, por primeira vez en España, de impartirá un taller.




Así mesmo, contémplase unha visita ao complexo medioambiental de Cerceda para que escolares de secundaria ou universitarios poidan coñecer e comprobar por si mesmos a actividade industrial de Sogama.

Os espazos nos que se celebrará o festival están repartidos por toda A Coruña.

SUBIR


### Entrevistamos a...
**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

### Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

### Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

### Multimedia

### Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Xornada para aumentar a implantación das TIC no ámbito dos residuos




A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e Sogama celebraron a comezos de mes unha xornada formativa sobre o papel das TIC na xestión sostible dos residuos debido á función esencial que as novas tecnoloxías da información e da comunicación teñen na resolución de problemas. Aínda que, polo momento, a implantación das TIC é moi baixa polas propias características do sector, considérase que estas poden ter un impacto positivo sobre o medio ambiente, desempeñando unha función clave no ámbito da economía circular.

Para profundar nestas cuestións, contouse coas achegas de dous expertos na materia: Fernando Asperilla, xefe do Servizo de Planificación, Prevención e Información da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación da Xunta de Galicia; e Miguel Varela, Socio Xerente da firma galega Teimas Desenvolvemento, S.L, única empresa tecnolóxica de España especializada no sector dos residuos.

A xornada tivo lugar na sede central da CEL e estaba dirixida a traballadores, empresarios, autónomos, emprendedores e a desempregados.

A celebración do evento encádrase no marco do segundo convenio de colaboración formalizado o pasado mes de xullo entre o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López, e o presidente de Sogama, Javier Domínguez.

## Sogama colabora co FIOT 2015

No seu firme apoio á cultura e ás causas sociais, Sogama comprometeu, por razóns de boa veciñanza, a súa colaboración na XXIV edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT 2015), que, unha vez máis, está a transformar a localidade coruñesa de Carballo na capital das artes escénicas de Galicia.




A nova edición, que arrancou o pasado 25 de setembro e se estenderá ata o 31 de outubro, acollerá 34 espectáculos nacionais e internacionais en 37 días, dos que 14 son estreas. Ademais de representacións en sala e a pé de rúa, o programa inclúe o tradicional ciclo OTNI (Obxecto Teatral Non Identificado), así como programación infantil. Tradicional é xa o Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís", creado para promover a interpretación oral entre os máis pequenos e recuperar así a potencialidade dramática da radio; ou o Fiotiño que leva aos nenos a vivir un campamento nocturno no teatro ou diversos obradoiros relacionados coas artes escénicas.

Tamén se fará un especial recoñecemento á actriz galega Susana Dans, a quen se outorgará o Xograr de Outono 2015 o 23 de outubro pola súa magnífica traxectoria profesional.

SUBIR

Entrevistamos a...
Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Mundo SOGAMA
Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

Actualidade
Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

Multimedia

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es



## Efemérides medioambientais

O mes de setembro concentrou tres importantes eventos ambientais relacionados coa redución de contaminación á atmósfera para manter a calidade do aire que respiramos. Foron o Día Mundial para a Preservación da Capa de Ozono, a Semana Europea da Mobilidade e o Día Mundial Sen Coches.

A conmemoración do **Día Mundial da Preservación da Capa de Ozono (16 de setembro)**, que tivo por lema "Ozono: todo queda entre vostede e os raios UV", coincidiu este ano co 30 aniversario da adopción do Convenio de Viena. O principal obxectivo deste foro é alentar a investigación, a cooperación entre os países e o intercambio de información na materia. De feito, grazas aos esforzos realizados a nivel mundial, xa hai indicios de que a capa de ozono se está a recuperar. Estímase que, para 2030, se poderán evitar ata 2 millóns de casos anuais de cancro de pel, así como importantes efectos adversos na agricultura, a flora, a fauna, a pesca e outros recursos naturais.

**A Semana Europea da Mobilidade (do 16 ao 22 de setembro)** é unha campaña organizada co apoio das Direccións Xerais de Medio Ambiente e Transportes da Comisión Europea co fin de animar ás autoridades locais a introducir e promover outras medidas de transporte sostible en lugar do vehículo particular. Así, a través de diversas iniciativas invítase aos cidadáns a experimentar alternativas ao uso do coche. Unha das novidades do 2015 foi a reinterpretación do transporte, visualizando as viaxes como medio para enriquecer a nosa bagaxe, tanto a nivel físico como intelectual. O ano pasado participaron na Semana Europea da Mobilidade 2.013 cidades de 44 Estados rexistrados oficialmente na campaña, téndose instaurado 9.000 medidas de mobilidade sostible.

Coa xornada do **Día Mundial Sen Coches (22 de setembro)** pretándese promover o transporte alternativo ao vehículo particular, contribuíndo a desconxestionar o tráfico das cidades e a diminuír as emisións de $CO^2$. Cada municipio participante queda obrigado a limitar a circulación de automóbiles nunha zona determinada e a facilitar o uso de medios máis sostibles.

Con esta medida pretándese que os cidadáns reflexionen sobre sobre as consecuencias do uso do coche na cidade, configurándose como unha proposta pedagóxica no campo da educación cívica e ambiental. Cabe recordar que, en España, o 20 por cento da enerxía primaria é consumida polo transporte privado e, de media, cada litro de gasolina de automoción supón a emisión de 2,3 quilos de $CO^2$.

SUBIR


**Entrevistamos a...**

Carlos Martínez Orgado
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

Flor Domínguez
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

**Mundo SOGAMA**

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

**Actualidade**

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

**Multimedia**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio




© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario



## Concurso "Aprovéitate do que che sobra": receita de hamburguesas de lentellas e verduras con salsa de iogur

Estas hamburguesas son ideais para aproveitar as lentellas que sobran do guiso, separándoas antes do chourizo e do touciño entrefebrado! Pódense facer moitos tipos de combinacións con outros ingredientes ademais propostos pola autora nesta receita, Ana Quelle Regaldie, de Culleredo (A Coruña). Ela tamén incorporou restos de cabaciña, cenorias, cogomelos, pemento, salsa de tomate caseira, salsa de soia e queixo rallado.

Esta cociñeira cóntanos que a elaboración da salsa de iogur nos serve para consumir os iogures próximos á data de caducidade para preparar un mollo saboroso e sa que se pode condimenta con restos coma tomates, cóengos, cogombros, algo de queixo e sobras de pan.

Esta deliciosa e innovadora receita foi unha das candidatas ao concurso da campaña "Aprovéitate do que che sobra", que podes consultar na web www.aproveitatedoquechesobra.es.

Se te animas a preparar a receita, ,cóntanolo no noso Facebook ou Twitter!

SEGUIR LENDO....


### Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

### Mundo SOGAMA

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

### Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

### Multimedia

### Eventos


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Hamburguesas de lentellas e verduras con salsa de iogur

Nivel de dificultade: 1 2 3

## CANTIDADES E INGREDIENTES:

### Para a masa

- 300 g de lentellas (12-15 hamburguesas)
- 1/2 pemento
- 2 cenorias
- 1 anaco de cabaciña
- 1 dente de allo
- 100 g de cogomelos
- 3 culleradas de salsa de tomate caseira
- 2 culleradas de salsa de soia
- 1/3 de vaso de viño
- 80 g de pan rallado (ou segundo se precise)
- 2 ovos
- zume de limón
- sésamo
- 1 culleradiña de comiño
- 1 culleradiña de perexil
- 1/2 culleradiña de pementa
- sal e aceite

### Para a salsa

- 2 iogures
- zume de medio limón
- 2 culleradas de aceite de oliva
- 1 cullerada de allo picado
- 1 culleradiña de pementa
- 1 culleradiña de tomiño

## ELABORACIÓN

### Recheo

- Esmagar as lentellas cun garfo. Non é necesario que queden demasiado trituradas, pero se se quere tamén se pode utilizar unha picadora.
- Pelar as cenorias e o allo e picalos xunto coa cabaciña, o pemento e os cogomelos.
- Poñer un pouco de aceite na tixola e pasar o allo, as cenorias, a cabaciña e o pemento a lume medio.
- Aos 5-10 minutos engadir os cogomelos.
- Cando a mestura de verduras e cogomelos estea refogada, engádese o viño e esperar a que se evapore para botar a salsa de tomate e a de soia. Remover ben e deixar un anaco a lume baixo.
- Esperar a que a nosa mestura arrefríe un pouco e entón incorporar as lentellas picadas.
- Engadir o perexil, o comiño, a pementa, o zume de limón e o sal e volver mesturar ben.
- Bater os dous ovos e engadir xunto co queixo rallado á mestura anterior e volver remover.
- Engadir tamén o pan relado para espesar e remover.
- Refrixerar durante unhas horas, aínda que o ideal é deixar a preparación dun día para outro para que o amasado das hamburguesas sexa máis sinxelo.

### Salsa

- Poñer os iogures nun bol e agregar o zume de limón, o aceite de oliva, o allo picado, a pementa e o tomiño.
- Mesturar todo ben e gardar na neveira ata o momento de usar.

### Montaxe

- Presentar as hamburguesas entre dous anacos de pan tostados (da variedade que se queira).
- Acompañar con cóengos, tomate, cogombro e queixo xunto coa salsa de iogur.

SUBIR

## Entrevistamos a...

**Carlos Martínez Orgado**
Presidente de Honor de la Fundación para la Economía Circular

**Flor Domínguez**
Coordinadora do proxecto gañador do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Mundo SOGAMA

Sogama amplía o seu complexo por 400 millóns

## Actualidade

Licitado o mantemento da rede de vixilancia da calidade do aire da planta termoeléctrica

Sogama mantén os valores de emisión moi por debaixo dos límites legais

A campaña galega da reciclaxe atendeu de forma directa a 114.000 persoas

Repartidos máis de 4.700 composteiros entre 155 entidades

O instituto A Cachada de Boiro gaña o concurso "Recíclate con Sogama"

Preto do 97% dos visitantes recomenda visitar as instalacións do complexo

A gañadora de "Aprovéitate do que che sobra" goza do seu premio na Mariña lucense

Ampliada a oferta do curso online sobre xestión de residuos

## Multimedia

## Eventos

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es